



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2008 16:30
Nº Rexistro: 27283
Data envío: 15/02/2008 14:06:54.567

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta escrita, relativa a actuación levada a cabo polo Servizo Marítimo da Guarda Civil contra varias embarcacións de marisqueo con porto base en Ribeira.

O pasado 14 de Febreiro efectivos do Servizo Marítimo da Guarda Civil despregaron unha intensa actividade contra embarcacións dedicadas ao marisqueo a flote con porto base en Ribeira. A acción sáldase con catro expedientes sancionadores abertos e unha embarcación decomisada.

Nada habería que obxectar se esta actuación tivera como obxecto o control e protección dos recursos mariños, a garantía de respecto de topes e tallas permitidas, ou mesmo a seguranza marítima. Mais non foi ese o cometido, senón o de facer valer e impoñer unhas normas absurdas e absolutamente inadaptadas á realidade e ás necesidades do sector marisqueiro galego.

Efectivamente, a única finalidade perseguida foi a de reprimir e perseguir ás embarcacións auxiliares para marisqueo a flote, necesarias mesmo por motivos de seguranza e de adaptación ao medio. En determinadas situacións ou nalgúns bancos marisqueiros, por razóns obvias, non poden operar barcos de, por exemplo, oito metros de eslora, facéndose daquela preciso traballar con embarcacións de menor porte: as denominadas “auxiliares”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Non é lóxico que un marco legal que obriga a que as embarcacións de nova construción deban ter un arqueo superior a 1'5 GT (máis de 2'5 toneladas de rexistro bruto), e por tanto de dimensións (eslora, manga, calado) maiores, se utilice logo como obstáculo burocrático, ademais de xeito inflexíbel, como coartada para que os buques non poidan traballar, ou o fagan con maiores dificultades. É evidente que, neste contexto, a existencia plenamente legalizada de embarcacións auxiliares (válidas tamén nos supostos de extraccións de mexilla nos buques bateeiros) cobra pleno sentido.

Resulta así difícil de entender a actuación represiva emprendida contra embarcacións de Ribeira. Os medios de vixilancia, como a Guarda Civil no Mar, deberan submeterse ao servizo do sector produtivo, non en contra del. Mesmo a actual distribución de competencias, residenciadas nas Capitanías Marítimas (Goberno español) todo o referido ás embarcacións e ás súas características físicas, e aplicando mecanicamente normas que nada teñen a ver coa singularidade do sector marisqueiro galego.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Que información posúe a Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos sobre a actuación levada a cabo o 14 de Febreiro polo Servizo Marítimo da Guarda Civil en Ribeira?

2.^a) Non considera que é lóxico recoñecer plenamente, a todos os efectos a existencia das embarcacións auxiliares na actividade marisqueira?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2008 16:30
Nº Rexistro: 27283
Data envío: 15/02/2008 14:06:54.567

3.^a) En consecuencia, ten previsto dirixirse á Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, e ao Servizo Marítimo da Guarda Civil, a fin de que cese esta actitude represiva, deixando sen efecto accións como a emprendida contra embarcacións de Ribeira?

Santiago de Compostela, 15 de Febreiro de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 15/02/2008 14:05:47

Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/02/2008 14:05:50